

EXAME DE REPASO DE LÉXICO

	OPCIÓN 1	OPCIÓN 2	OPCIÓN 3
1	LIGAZÓN – elemento que ao clicar nel leva a outro recurso	ADXUNTO – arquivo que vai dentro dun correo	CARTAFOL – sin. de carpeta, onde se almacenan arquivos
2	COSTAS – estilo de natación boca arriba	ARGOLAS – aparello de ximnasia formado por 2 aros de metal colgados de cordas	CÉSPEDE – tipo de herba, curta e mesta, cultivada para practicar algúns deportes
3	DITAR – ler algo en alto para que alguén o escriba	SUBLIÑAR – pasar unha liña por debaixo nun texto	CORRIXIR – revisar os erros nun exame ou exercicio
4	BACHARELATO – estudos posteriores á ESO para ir á universidade	APUNTAMENTOS – notas que o alumnado toma no seu caderno das explicacións	CADERNO – conxunto de follas de papel unidas para escribir nelas
5	ESTUDOSA – alumna que estuda con moito interese e aplicación	TEIMOSA – alumna que insiste obstinadamente nunha idea	DESCOIDADADO – alumno que mostra falta de coidado co seu material
6	CASTRÓN – macho da cabra	AÑO – sin. de cordeiro	LEITÓN – sin. de bacoriño
7	VAGALUME – sin. de lucecú, insecto que alumea polas noites	XOANIÑA – sin. de reirrei, insecto con sete puntos negros	VACALOURA – sin. escornabois, insecto con dúas mandíbulas semellantes a cornos en forma de arco
8	TENACES – ferramenta de metal con dous brazos para arrincar ou cortar algo	MARTELO – ferramenta cun mango para dar golpes, por exemplo para cravar algo	PORCA – peza de metal cun oco no centro onde se enrosca o parafuso
9	COXA – parte da perna por riba do xeonllo	PULSO – parte do corpo que une a man ao brazo	CALUGA – sin. de noca, parte posterior do colo
10	CRECHO – pelo rizado e formando remuíños	TINGUIDO – pelo ao que se lle botou unha substancia para cambiarlle a cor	LOURO – cabelo de cor castaña moi clara ou dourada
11	FALAR COA BOCA PEQUENA – Dicar algo só por cumprir	SORBERLLE OS MIOLOS A ALGUÉN – influír no que alguén pensa, “comerlle o coco”	ANDAR CON PÉS DE MANTEIGA – andar con coidado, con precaución
12	CINGUIR – sin. de apertar	ACAER – sin. de favorecer	ANOAR – sin. de atar
13	PASAR A GORRA – exp. Pedir cartos	IR COMA UN ENTROIDO – exp. Vestir de xeito extravagante	ANDAR FEITO UN ADÁN – exp. vestir de xeito descoidado
14	EMOTICONA – símbolo gráfico que representa un estado de ánimo ou unha intención	ICONA – representación gráfica e esquemática para representar un programa ou as súas funcións	CONTRASINAL – caracteres secretos que permiten o acceso a determinados espazos
15	GUIAR – sinónimo de conducir un coche	ENVORCAR – Quedar algo coa boca cara abaixo, p. ex. un coche	ATROPELAR – Pasar un vehículo por riba dun peón
16	LAMIA – Peza metálica sobre a que asenta o pneumático da roda	BUCINA – Aparello sonoro para alertar outras persoas da nosa conducción	GARDALAMA – Peza que cobre a roda do coche para evitar que salpique
17	ROLLA – Peza de cortiza ou doutro material que se emprega para tapar as botellas	CUEIRO – peza de celulosa con forma de braga que usan os bebés e os adultos con incontinencia	LIXIVIA – Líquido que se emprega para branquear a roupa e para desinfectar en xeral
18	ALUGAR – usar algo por un tempo pagando unha renda	COLECTOR – sinónimo de contedor	RECICLAXE – Acción e efecto de reciclar
19	ADESTRADORA – preparadora deportiva	DIANTEIRA – muller que xoga en primeira liña atacando a portería do equipo contrario	CAPITÁ – xefa dun equipo deportivo
20	ESTARRICAR – estirar os músculos	TOMBAR – sin. deitar	ERGUERSE – sin. levantarse

